

Proxecto de Orde do -- de----- de 2017 pola que se modifica a Orde do 20 de maio de 2008 pola que se establecen os modelos a que deberán adaptarse as memorias que editen os distintos departamentos da Xunta de Galicia, organismos autónomos, axencias, fundacións, entidades e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia.

A normativa reguladora das publicacións da Xunta de Galicia e das entidades dela dependentes ven regulada, fundamentalmente polo Decreto 176/2011, do 1 de setembro, que modifica o Decreto 196/2001, do 26 de xullo, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* n.º 177, do 15 de setembro).

Pola Orde do 20 de maio de 2008 se establecen os modelos a que deberán adaptarse as memorias que editen os distintos departamentos da Xunta de Galicia, organismos autónomos, axencias, fundacións, entidades e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* n.º 110, do 9 de xuño).

Dita orde apareceu publicada para completar a regulación das publicacións institucionais, no que atinxe ás características das memorias editadas polos distintos departamentos da Xunta de Galicia e entidades dela dependentes, e que debían adaptarse ao establecido no anexo da propia orde, segundo consta na corrección de erros da mesma, publicada no *Diario Oficial de Galicia* n.º 154 do 11 de agosto de 2008.

O Consello Coordinador de publicacións de Xunta de Galicia creado polo artigo 1 do Decreto 316/1990, do 8 de xuño, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 118, do 19 de xuño), ten entre as súas funcións, a de aprobar criterios xerais en materia de edición, impresión e comercialización.

Así na reunión deste órgano, celebrada o 20 de decembro de 2016, acordouse levar a cabo a modificación da devandita Orde do 20 de maio de 2008.

Debido ao tempo transcorrido, a práctica demostrou que pode existir unha tipoloxía moi ampla de memorias e informes oficiais de actividades, con moi diferentes enfoques, destinos e propósitos, que dificilmente se axustan ás características marcadas na Orde do 2008 que as regula ata agora. É acorde á nova realidade, e por razóns de operatividade, accesibilidade e actualización, recomendase utilizar preferentemente o formato electrónico na elaboración das memorias ou informes oficiais de actividades.

En consecuencia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

RESOLVO:

Artigo único. Modificación da Orde do 20 de maio de 2008 pola que se establecen os modelos a que deberán adaptarse as memorias que editen os distintos departamentos da Xunta de Galicia, organismos autónomos, axencias, fundacións, entidades e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia.

Modifícase a Orde do 20 de maio de 2008 pola que se establecen os modelos a que deberán adaptarse as memorias que editen os distintos departamentos da Xunta de Galicia, organismos autónomos, axencias, fundacións, entidades e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 1, que queda redactado como segue:

“Artigo 1. As memorias e os informes oficiais de actividades que editen os organismos que se expresan no artigo 2º adaptarán as súas características formais, no que afecta exclusivamente ás cubertas, contracubertas e lombos ao modelo que se establece no anexo desta orde.

O contido interno de cada memoria e informe oficial de actividades, en canto a súa organización e deseño decidirao libremente cada unidade editora, tendo en conta a resolución do 4 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia e outras publicacións institucionais (*Diario Oficial de Galicia nº 134, do 13 de xullo*)."

Dous. Modifícase o artigo 2º que queda redactado como segue:

"Deberán adaptarse ao devandito modelo todas as memorias e os informes oficiais de actividades que editen, tanto en soporte dixital como impreso en papel:"

-A Administración autonómica e as seguintes entidades autonómicas:

- a) Entidades públicas instrumentais: organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios autonómicos.
- b) Outras entidades instrumentais: sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións do sector público autonómico.

Tres. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 3º que queda redactado como segue:

"As memorias e os informes oficiais de actividades que se vaian editar someteranse ao mesmo procedemento de aprobación co resto das publicacións da Xunta".

Catro. Modifícase o anexo da dita orde

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase a persoa titular ca Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de 2017

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



MEMORIA / INFORME OFICIAL ACTIVIDADES

FORMATO DA EDICIÓN/CARACTERÍSTICAS DA EDICIÓN:

Tamaño 21x28cm.

Papel interior estucado mate 130 g.

Papel cubertas 300 g.

Encadernación en rústica con portadas plastificadas en mate.

CORES

Texto: Pantone 411

Fondo de contas: Pantone 7401

Encabezamentos: Pantone 400

TIPOGRAFÍA

INTERSTATE LIGHT

abcdefghijklmnopqrstuvwxyz

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ

1234567890&\$%@

INTERSTATE REGULAR

abcdefghijklmnopqrstuvwxyz

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ

1234567890&\$%@

INTERSTATE BOLD

abcdefghijklmnopqrstuvwxyz

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ


1234567890&\$%@

INTERSTATE BLACK

abcdefghijklmnopqrstuvwxyz

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ

1234567890&\$%@





MEMORIA / INFORME OFICIAL ACTIVIDADES

CUBERTA

Tamaño: 21x28 cm.

Tapa anterior ou anverso da cuberta

Título: tipografía: Interstate Bold/black cp. 14 Interstate light cp. 15
Situarse a 9,5 cm da marxe superior e aliñarse á esquerda.

Imaxe: Tamaño: 21x6 cm.

Situarse na marxe superior.

Logotipo Xunta de Galicia: situarse a 1,5 cm da marxe inferior e centrado.

Tapa posterior ou reverso da cuberta

Logotipo Xunta de Galicia: situarse a 1,5 cm da marxe inferior e centrado.

Poderían usarse outras cores alternativas ao Pantone Process Cian do mesmo xeito que nas lapelas.

Lombo:

Tamaño: Alto 28 cm. O ancho dependerá da extensión do libro.

Logotipo Xunta de Galicia: situarse a 1,5 cm da marxe inferior e centrado.

Título: Consellería (tipografía: Interstate-Black cp.11.)

Memoria / Informe oficial actividades (tipografía: Interstate-light cp.10) Cor branca.

Lapelas:

Tamaño: 10x28 cm.

Lapela da tapa anterior

Cor: a mesma que se utiliza nos destacados interiores, aínda que poderían usarse outras cores alternativas ao Pantone Process Cian.

Lapela da tapa posterior

Cor: a mesma que se utiliza nos destacados interiores, aínda que poderían usarse outras cores alternativas ao Pantone Process Cian.

Título: Consellería (tipografía: Interstate-Black cp.11.)

Memoria / Informe oficial actividades (tipografía: Interstate-light cp.10) Cor branca.

Notas

1. Será imprescindible seguir os criterios de estilo marcados, sobre todo en canto ao formato, á tipografía e aos tamaños, disposición gráfica das cubertas.

2. Dependendo das necesidades específicas de maquetación e do volume de texto ou de gráficos o interior adoptará un deseño, tipografía e cores independentes das normas prefixadas para as cubertas.